

## ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 9 DE XULLO DE 2018

**Asistentes:**

**Presidenta**

Reboreda Morillo, Susana

**Secretaria**

Cadilla Lomba, Josefina T.

**PDI**

Barriocanal López, Yolanda

Castro Pérez, Ladislao

Juana López, Jesús de

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodríguez, Julio

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

**PDI contratado**

Presedo Garazo, Antonio

Domínguez López, Ángel

**Estudantes**

Galiña Lorenzo, Juan Manuel

**Alumnado 3º ciclo**

Souto Castro, Iria

**PAS**

Rodríguez Bouzas Josefa

**Desculpan a súa ausencia:**

**PDI**

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

**Estudantes**

Alejandro Ojea, Mónica

Rodríguez Álvarez, Lucía

Na sala de profesorado da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade que figuran ao marxe, o luns 9 de xullo de 2018, ás 09.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 19 de xuño de 2018.

2.- Informe da presidenta.

3.- Debate e toma de decisións, se procede, sobre as propostas de cambio de normativas enviadas polo equipo reitoral.

4.- Aprobación, se procede, das guías docentes do Grao en Xeografía e Historia.

5.- Aprobación, se procede, das guías docentes do Programa Conxunto de Estudos Oficiais do Grao en Turismo e o Grao en Xeografía e Historia.

6.- Aprobación, se procede, das guías docentes do Mestrado en Valoración e Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

7.- Incompatibilidades nos horarios detectadas no Programa Conxunto de Estudos Oficiais do Grao en Turismo e o Grao en Xeografía e Historia, en relación ás actividades que se realizan fóra da aula.

8.- Aprobación, se procede, da substitución de Carlos Lozano ante a súa renuncia nos seguintes órganos: xunta de facultade, comisión de prácticas e delegación de alumnado.

9.- Aprobación, se procede, da suspensión das actividades académicas para o día 25 de outubro de 2018 para posibilitar así a asistencia do alumnado ao “III congreso internacional da auga” que este ano organiza a Facultade de Historia.

10.- Rolda de intervencións.

A decana pasa a dar lectura dos nomes dos membros da Xunta de Facultade que xustifican a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

## **1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 19 de xuño de 2018.**

Aprobase por asentimento.

## **2.- Informe da presidenta.**

Comeza indicando que causou baixa o profesor Francisco Javier Pérez Rodríguez como membro da xunta de facultade, debido á súa incorporación ao CSIC.

Desexa comentar unha cuestión que non está na orde do día , polo tanto, non se pode tomar ningunha decisión, pero considera interesante coñecer a opinión dos membros da xunta sobre un tema relativo a cinco estudantes Erasmus propios deste curso académico que realizaron estancias en Polonia e na República Checa, a singularidade é que todos eles acadaron un dez de media en todas as materias. Non é unha situación habitual, pero pensa que invita a reflexión, e propón a posibilidade de elaborar un borrador na Comisión de Calidade sobre a temática dos recoñecementos, entre outros temas das estancias, e traelo para a súa toma en consideración na xunta de facultade. Pon o exemplo doutros centros, como a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, na que a media que obteñen o alumnado no país de destino, fai media coa nota que teñen antes de participar no programa de intercambio. Non parece que a proposta suscite demasiado interese, dado que é unha ocasión singular.

Pasa a explicar outro tema anómalo relacionado co recoñecemento das materias ao alumnado Erasmus que tivo estancias na República Checa. Hai tres cursos, o primeiro estudante que realizou unha estancia alí obtivo como cualificación un R, nota que non se corresponde co sistema europeo. Despois de distintas consultas, a coordinadora Erasmus da universidade de destino indicoulle que iso significaba que asistira ás clases, pero sen obriga de realizar exame. Feita esta aclaración, a decana pediulle que llo pasara a unha escala de cero a dez . A coordinadora indicoulle que a equivalencia era dun sete. O ano seguinte presentouse un caso similar con outro estudante que acadou R nalgunhas materias e A noutras. O estudante aseguraba que o R era superior a sete, e se lle indicou que precisaba obter un certificado que o confirmara, xa que a situación previa marcara un precedente. O certificado non chegou polo que mantívose esa equivalencia. Este curso académico, 2017/2018 foron tres alumnas durante un cuadrimestre. As cualificacións foron tamén

algunhas materias con R e outras con A, pero neste caso conseguiron o certificado que a R tamén era igual que o A, a nota máxima.

A profesora Beatriz Vaquero considera que hai que pedir á universidade de destino que decidan o que significa cada cousa e que o trasladen aos coordinadores. O profesor Fermín Pérez considera que é un agravio comparativo e pensa tamén que habería que solucionalo a nivel institucional. A decana indica que vai tentar que a Universidade da República Checa envíe un escrito oficial.

Pasa a comentar que xa ten unha cita para falar co vicerreitor de ordenación académica e profesorado para tratar das previsións do cadro do PDI neste centro, en relación coa progresiva baixada de número de profesorado fixo, que agora se intensifica coa saída de Francisco J. Pérez, e no curso 2019/2020 coas previsibles xubilacións de varios docentes, quedando só once persoas fixas.

En relación ao calendario académico do curso 2018/2019, explica que a Xunta de Galicia emitiu un decreto lei no que se indica que as tres universidades da SUG teñen que iniciar o curso o día dez de setembro. Por ese motivo haberá pequenas modificacións no calendario oficial, aprobado con anterioridade. No caso da facultade de Historia vanse manter as datas das xornadas de acollida, pero o primeiro día de clase en vez do cinco será o dez.

### **3.- Debate e toma de decisións, se procede, sobre as propostas de cambio de normativas enviadas polo equipo reitoral.**

Neste punto son varios os temas a tratar.

Comézase polas modificacións propostas no borrador para os regulamentos de TFG e TFM. O aspecto máis importante, se relaciona coa defensa do mesmo ante un tribunal. A proposta é que, en ambos casos, aqueles cualificados con un sete ou menos, non terían necesidade de defendelo ante un tribunal, asumindo a responsabilidade da cualificación o titor ou titora. No caso que o alumnado aspire a unha nota máis elevada deberá concorrer ante o tribunal integrado por tres persoas. A finalidade desta proposta é que se reduza o número de defensas públicas. Ábrese unha rolda de intervencións que figuran a continuación.

Beatriz Vaquero considera que sería menos traballo para o profesorado. Susana Reboreda interpreta que se van considerar como calquera outra materia del plan de estudos. Julio Prada opina que se fora así o profesorado non só avaliaría ata sete. Considera que a solución exposta é un despropósito e que só resolvería o 40% de problemas nos centros grandes. Ademais, lle

parece unha cuestión de filosofía docente, a capacidade para avaliar ten que ser de cero a dez, como sucede no resto das materias. Isto pode provocar que se vaia a unha política de mínimos por parte de todo o alumnado que non necesite acadar unha nota alta. En definitiva, non lle cadra como docente que soamente poida dar de cero a sete. Susana Reboreda non cree que lle quiten ao profesorado ningunha capacidade. Pon por exemplo que se o titor considera que o traballo esta por riba de sete pode recomendar ao alumnado que vaia a tribunal, non ve ningún problema e cree que reduciría traballo. Non considera que o alumnado vaia optar pola vía máis cómoda. Explica que é un borrador que parte do equipo reitoral coa idea de que se fagan as alegacións que se consideren. Este documento tamén se tratará no claustro. Nestes momentos unicamente se está facendo unha sondaxe para recoller as opinións das persoas. Pide que se lle fagan chegar todas as suxerencias. Beatriz Vaquero considera que se a universidade decide non utilizar tribunais, non debe limitarse a nota que poida outorgar o profesorado. Fermín Pérez opina que está pensado para centros grandes e a calidade do ensino non vai ser mellor, non lle parece academicamente axeitado para o TFG e menos aínda para o TFM. A continuación acórdase chegar a unha idea común que se concreta nos seguintes acordos:

- Que se considere ao Traballo Fin de Grao como unha materia do título equiparable ao conxunto das materias, na que o/a titor/a poida cualificar de cero a dez. A proposta de dúas maneiras de avaliar en función da cualificación complicaría innecesariamente o procedemento.

- Que se considere o Traballo Fin de Máster como un traballo de especialización e que polo tanto, se manteña a mesma dinámica actual, na que en todos os casos é avaliado por un tribunal.

En segundo lugar, trátase o aspecto do borrador relacionado cos criterios de promoción de prazas para os corpos docentes universitarios, no que a decana explica que como obxectivo principal se pretende que haxa listaxes fixas e que non se movan os criterios. Julio Prada considera que o que se persigue é acadar a seguridade xurídica que é fundamental en todo este proceso. Non hai máis opinións.

En relación á oferta de emprego público de persoal docente e investigador non se presentan opinións.

#### **4.- Aprobación, se procede, das guías docentes do Grao en Xeografía e Historia.**

Beatriz Vaquero explica que dado os comentarios que se recibiron por escrito por parte do alumnado na coordinación do título e na coordinación de

calidade, tras a súa elaboración e previamente á celebración desta xunta enviou as guías docentes á delegación de alumnado, pero non recibiu resposta. Susana Reboreda expón que desde o decanato tamén se enviaron. Non se recibiron alegacións nin por parte do alumnado presencial nin semi-presencial. Por outra banda a coordinadora expuxo que o proceso de actualización seguiu os cauces dos últimos cursos.

Apróbanse por asentimento.

## **5.- Aprobación, se procede, das guías docentes do Programa Conxunto de Estudos Oficiais do Grao en Turismo e o Grao en Xeografía e Historia.**

Beatriz Vaquero, explica que na configuración das guías se detectaron unha serie de problemas técnicos que afectaron tamén á titulación do Grao en Turismo. A pesar de que na práctica as guías docentes son iguais, nos grados independentes que no plan conxunto, non se consideran así na plataforma das Guías Docentes. Parece que a día de hoxe o tema está resolto.

Apróbanse por asentimento.

Aproveita a ocasión a decana para explicar que na reunión mantida co alumnado do programa conxunto, os asistentes manifestaron que en liñas xerais estaban satisfeitos co desenvolvemento dos estudos. En relación ao plan de estudos comentaron unha incidencia respecto á coincidencia en primeiro curso das materias de Introducción á Historiografía e Metodoloxía da Historia, esta última impartida en 2º curso no grao en xeografía e historia, resultando para este grupo do plan conxunto moito máis complicado por ter que ver as dúas materias ao tempo. Debido a lóxica da proposta, desde o decanato consultouse á Vicerreitoría de Ordenación académica e profesorado, en concreto á directora de área de grao, e parece factible un cambio coa materia de Teoría e Método da Arqueoloxía (de 1º curso, 1º cuatrimestre) sempre que os alumnos matriculados se pasen en bloque ao novo plan. Mentres se soluciona este problema, falouse co responsable da materia Metodoloxía da Historia, Antonio Presedo, e ofreceuse a subministrarlles un manual ou realizar un curso cero, antes de que empecen a cursala. Tanto Antonio Presedo como Elena de Uña consideran que son bos alumnos, moi autónomos e disciplinados, con interese como demostra a problemática que se acaba de expoñer.

## **6.- Aprobación, se procede, das guías docentes do Mestrado en Valoración e Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.**

Fermín Perez o coordinador do título indica que se seguiu o procedemento realizado nos últimos anos, aclarando que como se imparte o plan

remodelado se inclúen materias novas, nas que houbo que empezar desde cero.

Apróbanse por asentimento.

**7.- Incompatibilidades nos horarios detectadas no Programa Conxunto de Estudos Oficiais do Grao en Turismo e o Grao en Xeografía e Historia, en relación ás actividades que se realizan fóra da aula.**

A decana lembra que é o vindeiro curso vaise implantar o 2º curso deste plan de estudos. Como era de esperar, a medida que avanzamos na posta en práctica vanse detectando erros que hai que solucionar. Neste sentido, a facultade ten os venres sen docencia na aula, coa finalidade de dedicalos a outras actividades fóra das aulas, maioritariamente para as saídas de estudo. O problema detectado é que o alumnado matriculado no PCEO ás veces ten clase os venres na facultade de Ciencias Empresarias. A proposta que a simple vista parece máis factible é manter esta oferta e, ao mesmo nivel que as/os estudantes semipresencias, que non poidan asistir, especialmente se a actividade puntúa, acolleranse á alternativa contemplada nas guías docentes. Esta información será dada a o alumnado afectado.

**8.- Aprobación, se procede, da substitución de Carlos Lozano ante a súa renuncia nos seguintes órganos: xunta de facultade, comisión de prácticas e delegación de alumnado.**

O alumno Carlos Lozano, representante da Delegación de Alumnado, formaba parte da xunta de facultade e dalgunhas comisións, acaba de graduarse e en consecuencia presentou a súa dimisión. Se solicitará á Delegación que indique quen o substitúe. Dado que para o vindeiro curso vai entrar nova representación agardarase ata ese momento.

**9.- Aprobación, se procede, da suspensión das actividades académicas para o día 25 de outubro de 2018 para posibilitar así a asistencia do alumnado ao “III Congreso internacional da auga”, que este ano organiza a Facultade de Historia.**

Apróbase por asentimento. Aclárase que dado que supón un custe económico, non será obrigatorio que o alumnado se matricule no citado congreso.

**10.- Rolda de intervencións.**

Intervén o coordinador do mestrado en Valoración, Xaestión e Protección do Patrimonio Cultural, Fermín Pérez, para informar que hai xa quince



solicitudes de matrícula das vinte prazas ofertadas, o ano pasado na primeira houbo dezoito solicitudes, e na segunda se pasou a trinta e tres. Abrirase pois un segundo prazo. A maioría son de primeira opción. Desas quince persoas hai unha de Ecuador, e de distintas partes de España, por exemplo, Cataluña e Santiago. Trátase dun mestrado que interesa a distintos perfís profesionais, hai catro arquitectos, varios titulados en historia, historia de arte, diplomados en turismo, e restauradores.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10.35 h do día 9 de xullo de 2018, da que eu como secretaria , dou fe co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba